



Traballando máis preto de Deus. Dous obreiros contratados polo Arcebisado de Santiago de Compostela deixaron onte o medo ás alturas no chan e subiron ao tellado do edificio para realizar unhas tarefas de reconstrución. Nunha semana na que a choiva e o vento dan unha tregua aos composteláns, os técnicos decidiron cambiar algunhas das

tellas que probablemente foran levantadas polos fortes refachos de vento que azoutaron Galicia no pasado mes de febreiro. E é que todo o traballo é pouco para que o edificio loza ben de cara ao verán e tamén, por que non, preparalo para novas inclemencias temporais, que como reza o dito: *en abril augas mil.* > Pepe Ferrín / AGN



Un intre antes da firma. > Pepe Ferrín

SANTIAGO

CEG e Xunta unirán os empresarios galegos

A Fundación Galicia Emigración e a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) asinaron onte en Santiago un convenio de colaboración para a creación do proxecto *Galicia en Rede*, co fin de vincular os empresarios galegos no exterior a través dunha rede que permita intercambios comerciais entre as compañías.

SANTIAGO

O aeroporto terá nova terminal no ano 2010

O alcalde de Santiago, José Sánchez Bugallo, dixo onte que no 2010, Ano Santo, estará finalizada a nova terminal do aeroporto de Santiago, que "terá forma de E" e que se comezará a construír no segundo semestre deste mesmo ano, con 215 millóns de orzamento.

Viño: non todo é resaca

Investigadores da USC producen compost de calidade a partir do bagazo e dos lodos que xera a industria vitivinícola galega

LV xornal@l-v.es

Un equipo de investigadores da facultade de Farmacia da Universidade de Santiago traballa na produción de compost a partir do bagazo e dos lodos que xera a industria vitivinícola galega. Na actualidade, estes residuos están desaproveitados e, ademais, xeran un grande impacto ambiental.

A coordinadora deste proxecto, a profesora María Teresa Barral Silva, explicou que só as cinco denominacións de orixe que existen na comunidade galega (Ribeiro, Valdeorras, Monterrei, Ribeira Sacra e Rías Baixas) cultivan 9.135 hectáreas. Engadiu que "durante o proceso de elaboración do viño xérase unha gran cantidade de residuos agroalimentarios que son cada vez máis difíciles de recoller e tratar, como é o caso dos bagazos e as lías de fermentación (lodos)". Ademais, o pouso (madeira que queda da poda) é un material que ao queimarse libera substancias tóxicas, polo que unha queima indiscriminada destes restos pode ser prexudicial para o medio.

Pola súa banda, a Universidade de Vigo estuda a obtención biotecnolóxica de aditivos alimentarios a partir do bagazo da uva.



O compost das uvas serve para fertilizar as plantas, segundo técnicos da USC. > LV

A utilidade do compost

A aplicación principal do compost é como enmenda orgánica en agricultura, ademais do seu uso habitual como fertilizante

O compost ten outros usos máis innovadores e quizais un dos máis prometedores é a elaboración de substratos

ESTE COMPOST
PODE SER
EMPREGADO PARA
AUMENTAR A
CALIDADE DOS
SOLOS AGRÍCOLAS

Responsables do equipo de investigación da USC

A CIG cualifica de "desequilibrada" a repartición de horas para a ESO

LV / Axencias

O sindicato CIG-Ensino denunciou onte que a proposta da Consellería de Educación para a repartición de horas lectivas da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) é "desequilibrada".

O sindicato presentou en conferencia de prensa unha proposta que "reforza a carga lectiva" das materias de Música, Educación Plástica e Visual e Tecnoloxía, que no proxecto da consellería perderían un 40 por cento das horas dedicadas ao seu ensino, alcanzando ata un descenso do 43 por cento no caso de Tecnoloxía. Desde a CIG sinalan que para conseguir este reforzo, deberíase "eliminar" unha hora de Religión, posto que supera os mínimos esixidos polo ministerio.

5,5 millóns para a humanización do barrio vigüés de Casablanca

AGN C.P.R.

A alcaldesa de Vigo, Corina Porro, presentou onte en Vigo o plan para a humanización do barrio de Casablanca, que suporá un desembolso de 5,5 millóns de euros, afecta a 12 rúas e inclúe actuacións como a ampliación e cambio de modelo das beirarrúas, a colocación de novo mobiliario urbano e a renovación do saneamento e do abastecemento.

En palabras de Porro, a iniciativa busca "priorizar o tráfico peonil para recuperar un espazo público bastante degradado". As novas beirarrúas, segundo adiantou a rexedora viguesa, estarán feitas cos mesmos materiais que se utilizaron na reforma da Travesía de Vigo.

O plan prevé, ademais, 250 novos faroís, 25 lías ecolóxicas para modernizar o mobiliario urbano e 640 novas árbores.